

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A EMPRESA PEUGEOT CITROËN AUTOMOVILES ESPAÑA S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE I+D DUNHA NOVA PLATAFORMA DE FABRICACIÓN ULTRAFLEXIBLE PARA O LANZAMENTO DUN NOVO VEHÍCULO TIPO VAN 100% ELÉCTRICO EK9

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria,
DECLARA:

Que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) ten previsto formalizar no ano 2021 coa empresa Peugeot Citroën Automóviles España, S.A. (PCAE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende súa sinatura ata o 1 de setembro de 2022, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen no mes de xaneiro de 2021 e se teñan rematado o 31/12/2021

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras da axuda que GAIN concede a PCAE para o desenvolvemento do “*Proxecto de desenvolvemento dunha nova plataforma de fabricación ultraflexible para o lanzamento e fabricación dun novo vehículo tipo VAN 100% eléctrico (EK9)*”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. O citado convenio busca dar continuidade ao convenio asinado en 2020 e trae a súa causa da concesión dunha subvención nominativa no orzamento de gastos da Axencia Galega de Innovación (GAIN) para o ano 2020 por importe de 1.900.000€
2. Este proxecto implicaba a realización nos exercicios 2020 e 2021 de investimentos e gastos en actividades de I+D por un importe total inicialmente previsto de 94,3 millóns de euros. Deste importe total, 41,3 millóns de euros realizaríanse en Vigo e deles 20 millóns de euros corresponderían a actividades de I+D. Para estas actuacións de I+D solicitábase unha axuda de 5 millóns de euros. Destes 20 millóns de euros son finalmente subvencionables 15,48 millóns, o que supón que o importe da axuda final destes dous anos será de 3,87 millóns de euros.



3. Nos orzamentos de GAIN para o ano 2021 consta novamente prevista una segunda subvención nominativa por importe de 1.970.000€
4. O 09/06/2020 subscribiuse un convenio de colaboración entre GAIN e PCAE para formalizar a subvención nominativa relativa á anualidade 2020, á vista do disposto nos artigos 36 e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. O 23/11/2020 asinouse unha addenda para modificar parcialmente as cláusulas do convenio referentes ao calendario de execución do investimento e á forma de pagamento da subvención e para incorporar a modificación dos importes autorizados mediante a Resolución do 29/10/2020 da directora de GAIN, ditada en aplicación do disposto na cláusula terceira do convenio.
6. Coa sinatura do segundo convenio formalizarase a subvención nominativa prevista para a anualidade 2021
7. Os orzamentos de gastos de GAIN do ano 2021 contemplan unha subvención nominativa para o “*Proxecto E-K9, vehículo eléctrico, Peugeot Citroën Automóviles España, S.A.*” por importe de 1.970.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.770.01, código proxecto 2016 00005 dos orzamentos de GAIN para o ano 2021
8. Conforme aos límites establecidos no artigo 25 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE nº 187, do 26 de xuño de 2014) ao tratarse dunha gran empresa e dun proxecto maioritariamente de desenvolvemento experimental, a intensidade máxima da axuda será do 25%, polo que o custo elixible deberá ascender a un mínimo de 7.880.00,00 € (IVE non incluído):

	ANO 2021
Orzamento total	7.880.00,00€
Axuda GAIN	1.970.000,00€
% Axuda	25 %

9. As achegas de GAIN no marco do presente convenio están destinadas ao financiamento de gastos de persoal, de custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición, materiais, subministracións e produtos similares, adquisición de patentes, servizos tecnolóxicos externos, subcontratacións e o custo do informe de auditor cun máximo do 0,25% dos custos directos, todo elo de conformidade co que se estableza no anexo II do convenio.



Que tendo en conta o establecido no Capítulo III do Título I que regula o procedemento de concesión directa, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, e no Capítulo II do Título II que establece o procedemento de concesión directa, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, o convenio será o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

Que o convenio prevé pagamentos a conta e un anticipo os cales superan o límite do 80% previsto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia polo que necesitará da autorización do Consello para a superación desta porcentaxe, á vista do disposto nos artigos 62 do citado Decreto e 48 da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021; segundo os cales o Consello da Xunta poderá autorizar a modificación da porcentaxe máxima do 80% permitida legal e regulamentariamente para o importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data que se indica na marxe.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

